

CURSO DE ACTUALIZACIÓN DA AGAT



Rafael Villanueva Ferrer. Psicólogo clínico e logopeda

11 e 12 de xuño

EGAP (Santiago de Compostela)

A CONTEXTUALIZACIÓN

O obxectivo fundamental dos grupos terapéuticos de nenos pequenos (3-4-5 anos) é o de que consigan organizar un xogo e xogar xuntos. A tarefa destes grupos poderíase dicir que é xogar. Ao facelo os nenos que forman o grupo terán que comunicarse, escoitar aos demais, expresar o que queren, tentar entenderse cos outros nenos, interesarse por aquilo que os outros propoñen, controlar os seus impulsos, ceder ante os intereses dos outros e loitar por que se teñan en conta os propios, resolver os conflitos e chegar a acordos. E hai un obxectivo similar nos grupos de pais e nais? Eles xa saben relacionarse, xa pertencen a diferentes grupos (familia, traballo, amigos, deporte, etc.) pero o común é que probablemente aínda non tiveran acceso a un grupo de padres con un problema similar na crianza.

PROGRAMA

OBXECTIVOS:

- Coñecer aspectos xerais e teóricos do funcionamento grupal.
- Reflexionar sobre as posibilidades terapéuticas dos grupos en Atención Temperá.
- Coñecer formatos posibles de intervención grupal con nenos/as pequenos/as. En función dos trastornos predominantes nos nenos e nenas, da idade, etc. ou do encadre espazo-temporal e práctico que se vexa mais conveniente utilizar en Atención temperá.
- Coñecer elementos da técnica de intervención en grupos de nenos/as pequenos/as.
- Reflexionar sobre as indicacións e contraindicacións na participación de nenos e nenas, ou pais e nais nos grupos terapéuticos.
- Coñecer as posibilidades terapéuticas dos grupos de pais e nais: grupos de pais e nais en relación ao grupo de nenos e nenas; grupos de pais e nais en relación aos trastornos graves dos seus fillos/as ou grupos de pais e nais con funcións preventivas.
- Ter unha experiencia de análise do funcionamento de grupos terapéuticos a través de materiais reais.

CONTIDOS:

- Elementos para a comprensión do funcionamento grupal en relación ao desenvolvemento.
- Obxectivos e beneficios do grupo. Porque facer grupos en Atención Temperá. Que pode ofrecer a atención en grupo fronte a outras formas de intervención.
- Tipos de grupos.
- Indicacións. Elementos que condicionan a elección de nenos e nenas para participar no grupo.
- Outros aspectos prácticos.
- Estilos de intervención. Técnica.

RELATOR:

Rafael Villanueva Ferrer

Psicólogo Clínico e Logopeda. Asesor, supervisor e formador del CDIAP Granollers y CDIAP Caldes de Montbui. Supervisor de diferentes CDIAP. Asesor e formador para Generalitat de Catalunya e Concello de Barcelona. Docente do Máster en “Atención Precoz y Familia, organizado pola Facultad de Psicología, Ciencias de la Educación y del Deporte Blanquerna. Universidad Ramon Llull (Barcelona), no Máster de “Desenvolvemento infantil y Atención Temperá, organizado pola Universidade de A Coruña, AGAT, y Fundación Paideia (A Coruña), e no Instituto Superior de Estudios Psicológicos (ISEP) desde o ano 1987 ata a actualidade, en diferentes cursos de Postgrao e Máster.

Destacar algunhas publicacións relevantes, como coautor de “El grupo terapéutico con niños pequeños como tránsito entre familia y escuela. Experiencia grupal: historia de la construcción de un tren” Busquets, L., Ubia, R., Villanueva, R. Cuadernos de Psiquiatría y Psicoterapia del Niño y del Adolescente, SEPYPNA (2018). Autor de “Ayudas a la comunicación en niños pequeños con TEA. Reflexiones sobre la utilización de los sistemas aumentativos y alternativos de comunicación”. DESENVOLUPA: La revista de la Atención Precoz (2014). Participación xunto a Josep M^a Brun na Revista de la Asociación Catalana de Atención Precoz. “Proyecto AGIRA (Asistencia Global a Infantes con Riesgo de Autismo) en la atención precoz” (2008)

DATA:

11 e 12 de XUÑO de 2021

HORARIO:

Venres de 16:00 h — 20:00h

Sábado de 9:30- 13:30 h y de 16:00- 20:00h

LUGAR:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP), Santiago de Compostela

DESTINATARIOS:

Profesionais do ámbito asistencial, educativo e sociosanitario de 0-6 anos

PRAZAS:

Limitadas. Por rigorosa orde de recepción da solicitude de inscrición e pagamento.

DECLARADO DE INTERESE SANITARIO**COTAS:**

Ata o día 15 de maio de 2021 :

- Cota de inscrición socios/as AGAT: 60 €
- Cota especial: Inscrición + Asociación AGAT: 85 €
- Cota de inscrición de non-socios/as: 75 €

Ata o día 30 de maio de 2021 :

- Cota de inscrición socios/as AGAT: 70 €
- Cota especial: Inscrición + Asociación AGAT: 95 €
- Cota de inscrición de non-socios/as: 85 €

INSCRICIÓN

- Entrar en “Contacto” na páxina principal da web da AGAT: <http://www.atenciontemprana.com>
- Cubrir o formulario poñendo os vosos datos personais, profesión e lugar de traballo
- No apartado “email” poñede, por favor, o voso enderezo electrónico, para poder enviarnos notificacións.
- Na ringleira de “asunto” escribir "Inscrición Curso “Grupos Terapéuticos en Atención Temprá”
- Finalmente premer (pinchar) no botón “Enviar”.
- Inmediatamente recibiredes unha mensaxe automática de saída da vosa solicitude.
- Posteriormente, un correo de “AGAT Formación”

(formacion@atenciontemprana.com) vos confirmará da recepción da vosa solicitude e vos informará de que para formalizar a matrícula tedes que ingresar a cota correspondente na conta:

C/C da AGAT **ES07 2080 0553 50 3040005038** ABANCA

- A admisión ao curso será efectiva cando recibades outro correo de “AGAT Formación” **confirmando** o ingreso da vosa cota de inscrición na conta da AGAT.

Condicións de uso, pago, cancelación e devolución dos cursos

A Organización resérvase o dereito de suprimir e/ou modificar datas e lugares en caso de non contar cun mínimo de participantes. Nestes casos notificarase aos participantes con anticipación, devolvéndolles, así mesmo, integramente o diñeiro da inscrición abonada. En caso de cancelación da inscrición esta será devolta na súa totalidade se se realiza 30 días antes do inicio do curso cunha penalización de 5 euros por gastos de xestión e administrativos. Non se realizará ningún reembolso se a cancelación realizase nos últimos 30 días. En caso de suspensión do curso ou modificación de datas, outorgarase un reembolso completo ou unha nova inscrición noutro curso de idénticas características.

Anulación ou modificación de cursos por parte do Organizador

A Organización resérvase o dereito de suprimir e/ou modificar datas e lugares en caso de non contar cun mínimo de participantes. Nestes casos notificarase aos participantes con anticipación, devolvéndolles, así mesmo, integramente o diñeiro da inscrición abonada ou unha nova inscrición noutro curso de idénticas características ou diferente prezo devolvendo a diferenza se o prezo é inferior ou solicitando a diferenza se o prezo é superior.

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA:

atenciontemprana@atenciontemprana.com

agat@atenciontemprana.com

Tfno. 698 124 611